

## Acta da Sesión Ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade

### LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons, Vicente Badenes Plá, Juan Manuel Corbacho, Ana Belén Fernández Souto, Julia Fontenla Pedreira, Oswaldo García Crespo, Silvia García Mirón, Beatriz Legerén Lago, Carmen Máiz Bar, María Isabel Martínez Martínez, Xabier Martínez Rolán, María Isabel Míguez Gonzalez, Julinda Molares Cardoso, Alberto Pena Rodríguez, Román Pereiro Rodríguez-Lepina, Paulino Pérez Feijoo, Iván puentes Rivera, Diana Ramahi García, Fortunato Rodríguez FernándezPérez, José Octavio Rodríguez Nieto, José Rúas Araujo, Emma Torres Romay, Mónica Valderrama Santomé,

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Javier Abuín, Miguel Anxo Fernández, Andrés Fraga , Carmen López de Aguilera, Jose Manuel López, Ana María Iglesias Alvarez. Atópanse de baixa as docentes, Talía Rodríguez Martelo e Montserrat Vázquez Gestal .

que tivo lugar o mércores 16 de novembro de 2022, na Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, ás 13:15 horas en primeira convocatoria e ás 13.45 horas en segunda coa seguinte:

### ORDE DO DÍA

#### 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de 20 de outubro de 2022.

O profesor Paulino Pérez Feijoo solicita ser incluído na lista de asistentes xa que estivo pero esqueceu asinar folla de firmas.

Así mesmo tamén solicita a inclusión na acta anterior a proposta para invitar a profesora Ana Argüelles para impartir docencia en Postproducción de terceiro grado de Comunicación Audiovisual.

Apróbanse por asentimento

#### 2.- Informe do director.

- O Director felicita a Talía Rodríguez polo nacemento do seu segundo fillo
- Felicita aos 6 profesores que superaron a defensa nas prazas, a profesora Silvia García Mirón, o profesor Oswaldo García Crespo, o profesor Xabier Rolán, a profesora Beatriz Legerén, o profesor Alberto Dafonte, e a profesora Diana Ramahi.

- Informa da incorporación da bolsa Uxía Seijas, así como da súa dispoñibilidade para cubrir as necesidades dos membros e os grupos de investigación do departamento en materia de organización de actividades, investigación, etc.
- Informa da actualización da páxina web do departamento coa incorporación do vídeo realizado pola bolsa do ano anterior.

### **3.- Aprobación, se procede, da saída a concurso dunha praza de profesorado Axudante doutor e da Comisión específica da área correspondente.**

O director do departamento informa que debido a situación de docencia vacante para o segundo cuadrimestre, e tendo en conta que unha das posibilidades suxeridas pola Dirección de Profesorado e a saída a concurso dunha de profesorado Axudante Doutor. Somete a votación a solicitude de saída a concurso de dita praza.

Apróbase por asentimento.

### **4. Aprobación, se procede, de xeración de nova lista de agarda e da comisión específica de área (CEA) correspondente**

Como continuación do punto anterior outra opción para cubrir a docencia vacante do segundo cuadrimestre sería a xeración dunha nova lista de agarda.

Despois de debatelo decídese non aprobar dita proposta, xa que o proceso administrativo sería tan alongado que, posiblemente, non se resolvería ata ben iniciado o segundo cuadrimestre e, por tal motivo, óptase por continuar con invitacións naqueles casos que fose necesario.

### **4.- Asuntos de trámite**

Continuando con temas relacionados coa docencia, e xa que unha das propostas por parte de Dirección de Profesorado é a posibilidade de contar con unha bolsa de horas por acumulación de docencia. O profesores solicitan de dirección de Profesorado un escrito ou a normativa que regule como se debe procederse en caso de que algún docente estivese disposto a impartir máis horas docentes das que corresponde a súa carga docente. É dicir, de qué forma se garante que os docentes que fagan horas de máis neste POD vexan reducida a súa carga docente no próximo POD, na mesmas horas nas que se excederon neste.

### **5.- Rolda de Intervencións.**

O profesor Xabier Rolán, que obtivo unha praza de profesor Titular, solicita ao Departamento un despacho individual.

Os profesores Julinda Molares e Vicente Badenes, Axudantes Doutores, tamén solicitan un cambio de despacho e amósanse dispostos a compartir un.

O director de Departamento informa que se vai a solicitar a decanato unha lista dos despachos baleiros para poder cumprir as peticións dos docentes e, si fose necesario, solicitar a habilitación de máis espazos.

O profesor Paulino Pérez Feijoo, solicita que dende o Departamento se coordine unha xuntanza informal de profesores de CAV, para coordinar e organizar a implantación do cuarto curso do novo título. O director autoriza á secretaria do Departamento a convocar dita reunión.

Sen nada mais que tratar, péchase a sesión as 14:36

Pontevedra 16 novembro do 2022

O director do deptº



Secretaria do dptº